



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

FERROL

Recursos Humanos

Anuncio bases reguladoras da convocatoria dunha praza de asesora xurídica de igualdade - Grupo A - Subgrupo A1 - Estabilización

ANUNCIO

A concelleira delegada da área de Facenda e Recursos Humanos, con data 23.07.2026, ditou unha resolución na que se aproban as bases reguladoras da convocatoria dunha praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase superior, incluída na oferta de emprego público de estabilización de emprego temporal correspondente ao ano 2021

As bases aprobadas son as que de seguido se transcriben:

“Bases reguladoras da convocatoria dunha praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase superior incluída na oferta de emprego público correspondente ao ano 2021 para a estabilización de emprego temporal aprobada por Resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi de data 24 de maio 2022 (BOP nº 99 do 26/05/2022).

1.- Primeira.- Antecedentes.

Resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi de data 24 de maio 2022, pola que se aproba a oferta de emprego público correspondente ao ano 2021 para a estabilización de emprego temporal ao abeiro do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOP de 26/05/2022), na que se inclúe, entre outras, unha praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase superior.

Resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi do 14 de decembro de 2022 pola que se aproba a convocatoria e as bases reguladoras dos procesos de estabilización polo sistema excepcional de concurso e polo sistema de concurso oposición derivados da oferta de emprego público correspondente ao ano 2021 para a estabilización de emprego temporal ao abeiro do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOP nº 238 do 19/12/2022) na que se inclúe, entre outras, unha praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase superior, convocada polo sistema excepcional de concurso ao abeiro do disposto na DA 6ª da Lei 20/2021.

Anuncio da convocatoria dos citados procesos publicado no Diario Oficial de Galicia do 3 de xaneiro de 2023 e no Boletín Oficial do Estado do 18 de xaneiro de 2023.

Publicación no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña nº 173 do 11/09/2023 da listaxe definitiva de admitidos ao proceso dunha praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase superior, convocada polo sistema excepcional de concurso ao abeiro do disposto na DA 6ª da Lei 20/2021.

Resolución da concelleira delegada da Área de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística do 14/10/2024 pola que se nomea ao tribunal do proceso selectivo dunha praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase superior, convocada polo sistema excepcional de concurso ao abeiro do disposto na DA 6ª da Lei 20/2021, e se fixa a data de comezo do proceso (BOP nº 198 do 14/10/2024).

Acta do tribunal do 7 de novembro de 2024 de valoración provisional de méritos e concesión dun prazo de 5 días hábiles para formular alegacións.

Acta do tribunal do 2 de decembro de 2024 (resolución das reclamacións efectuadas contra a valoración provisional de méritos e valoración definitiva).

Resolución da concelleira delegada da Área de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística do 19/12/2024 pola que se resolve iniciar o procedemento de revisión de oficio da Resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi de data 24 de maio 2022, pola que se aproba a oferta de emprego público correspondente ao ano 2021 para a estabilización de emprego temporal ao abeiro do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOP de 26/05/2022) no que respecta ao encadramento da praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase superior no ámbito da DA 6ª e, en consecuencia, no que respecta á determinación do sistema selectivo do proceso selectivo da referida praza (concurso), así como a suspensión da citada resolución e, polo tanto, a suspensión do procese selectivo dunha praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase superior, que se está a desenvolver en execución da citada oferta de emprego público.

Dítame CCG 143/2025 emitido polo consello Consultivo de Galicia o 21/05/2025 en sentido favorable a proposta de revisión de oficio (RE nº 2025032238 do 22/05/2025).

Por resolución da Alcaldía do 11/06/2025 adoptáronse os seguintes acordos:

“Primeiro.- Resolver o procedemento de revisión de oficio e declarar a nulidade de pleno dereito por concorrencia da causa establecida no artigo 47.1. letra a), da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas -a) Lesión de dereitos e liberdades susceptibles de amparo constitucional, por afectación ao dereito contemplado no art. 23.2 da Constitución: dereito a acceder en condicións de igualdade ás funcións e cargos públicos- da Resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi de data 24 de maio 2022, pola que se aproba a oferta de emprego público correspondente ao ano 2021 para a estabilización de emprego temporal ao abeiro do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOP nº 99 do 26/05/2022) no que respecta ao encadramento da praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase superior no ámbito da DA 6ª e, en consecuencia, no que respecta á determinación do sistema selectivo do proceso selectivo da referida praza (concurso).

Segundo.- En execución do acordo anterior, a praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase superior incluída na oferta de emprego público correspondente ao ano 2021 para a estabilización de emprego temporal aprobada por Resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi de data 24 de maio 2022 (BOP nº 99 do 26/05/2022) queda incluída no ámbito do art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e, en consecuencia, o sistema selectivo do proceso selectivo da referida praza é o de concurso oposición.

Terceira.- Declarar a nulidade de pleno dereito de todos os actos e resolucións administrativas do proceso selectivo da praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica deixándoos sen efecto algún.

Cuarta.- Incoar o procedemento para a elaboración dunhas bases reguladoras do citado proceso selectivo e proceder á súa convocatoria a maior brevidade posible.

Quinta.- Notificar os presentes acordos as persoas interesadas e outorgar publicidade aos mesmos a través da sede electrónica municipal.”

Por resolución do 13/08/2025 da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística apróbanse a convocatoria e as bases que rexen a convocatoria para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, dunha praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, incluída na OEP de estabilización de emprego temporal ao abeiro do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOP de 26/05/2022). As bases foron publicadas no BOP da Coruña o 20/08/2025 (BOP n.º 157), e o anuncio de convocatoria no DOG do 16/09/2025 (DOG n.º 178) e no BOE do 3/10/2025 (BOE n.º 238).

O Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol deu traslado ao Concello de Ferrol do recurso contencioso-administrativo (Procedemento abreviado 000166/2025) contra a resolución da concelleira delegada da área de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística, do 13/08/2025, pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, dunha praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala Administración especial, incluída na OEP do ano 2021 para a estabilización de emprego temporal.

Con posterioridade, o Xulgado do do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol deu traslado ao Concello de Ferrol do recurso contencioso-administrativo (Procedemento abreviado 000155/2025) contra a resolución da concelleira delegada

da área de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística, do 13/08/2025, pola que se aproban as bases que rexerán a convocatoria para a provisión, polo sistema de concurso-oposición, dunha praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala Administración especial, incluída na OEP do ano 2021 para a estabilización de emprego temporal.

Informe da directora da asesoría xurídica municipal en relación co primeiro dos citados recursos contencioso-administrativos (exp. 2025043781).

Resolución do 05/01/2026 da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística pola que se acorda: “Desistir do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase superior incluída na OEP de estabilización de emprego temporal ao abeiro do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOP de 26/05/2022), cuxas bases e convocatoria foron aprobadas por resolución do 13/08/2025 da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística. As bases publicáronse no BOP da Coruña o 20/08/2025 (BOP n.º 157), e o anuncio de convocatoria no DOG o 16/09/2025 (DOG n.º 178) e no BOE o 03/10/2025 (BOE n.º 238)”.

Segunda.- Obxecto.

As presentes bases teñen por obxecto executar a resolución da Alcaldía do 11.06.2025 pola que se resolve o procedemento de revisión de oficio e se declara a nulidade de pleno dereito da Resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi de data 24 de maio 2022, pola que se aproba a oferta de emprego público correspondente ao ano 2021 para a estabilización de emprego temporal ao abeiro do disposto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público (BOP nº 99 do 26/05/2022) no que respecta ao encadramento da praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase superior no ámbito da DA 6ª e, en consecuencia, no que respecta á determinación do sistema selectivo do proceso selectivo da referida praza (concurso).

En execución do acordo anterior, a praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica, clase superior incluída na oferta de emprego público correspondente ao ano 2021 para a estabilización de emprego temporal aprobada por Resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi de data 24 de maio 2022 (BOP nº 99 do 26/05/2022) queda incluída no ámbito do art. 2 da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público e, en consecuencia, o sistema selectivo do proceso selectivo da referida praza é o de concurso oposición.

Na mesma resolución declarouse a nulidade de pleno dereito de todos os actos e resolucións administrativas do proceso selectivo da praza de asesora xurídica de Igualdade, persoal funcionario, grupo A, subgrupo A1, escala de administración especial, subescala técnica deixándoos sen efecto algún e incoouse o procedemento para a elaboración dunhas bases reguladoras do citado proceso selectivo, a través do sistema selectivo de concurso oposición para proceder á súa convocatoria a maior brevidade posible.

Non obstante, o novo procedemento cuxa convocatoria e bases foron aprobadas por resolución do 13/08/2025 da concelleira delegada de Facenda, Patrimonio, Recursos Humanos e Estatística foi obxecto de desistencia, logo de ter sido recorrido na vía contencioso-administrativa por dúas aspirantes.

Polo tanto, procédese a elaborar unhas novas bases nas que se cumpra co indicado no informe da directora da asesoría xurídica que motivou o acordo de desistencia, e co indicado na Sentenza do TSX de Galicia, sala do contencioso-administrativo, sección 1, Stc 00407/2025 do 13 de xuño de 2025, aportada por unha das recorrentes a este procedemento e que trata unha situación asimilable.

Terceira.- Publicidade da convocatoria e seguemento dos procesos selectivo.

3.1 As bases e a convocatoria do proceso selectivo publicaranse, ademais de no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (en diante, BOP), na sede electrónica municipal (www.ferrol.gal/Sede).

O anuncio das convocatoria publicárase no Diario Oficial de Galicia (en diante, DOG) e no Boletín Oficial do Estado (en diante, BOE).

3.2 Os demais actos e acordos que se diten en desenvolvemento de cada proceso selectivo realizarase a través da sede electrónica municipal, en todo caso, e no BOP, naqueles casos en que así o esixan as presentes bases.

3.3 As publicacións na sede electrónica inseriranse dentro do apartado de Recursos Humanos, Oferta pública de emprego e/ou no taboleiro de anuncios.

Cuarta.- Requisitos dos aspirantes.

As persoas aspirantes á praza convocada deberán reunir, no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes e manter ata o momento da toma de posesión como persoal funcionario de carreira os seguintes requisitos:

- Ter nacionalidade española ou cumprir os requisitos establecidos no artigo 57 do texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, aprobado por Real decreto lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, no suposto de acceso ao emprego público de nacionais doutros Estados.
- Posuír as capacidades e aptitudes físicas e psíquicas que sexan necesarias para o desempeño das correspondentes funcións ou tarefas.
- Ter cumpridos 16 anos e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das administracións públicas, dos órganos constitucionais ou dos órganos estatutarios das Comunidades Autónomas, nin estar en situación de inhabilitación absoluta ou especial para o desempeño de empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, cando se trate de acceder ao corpo ou escala de persoal funcionario do que a persoa foi separada ou inhabilitada. No caso de ser nacional doutro Estado, non estar inhabilitado ou en situación equivalente, nin estar sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida no Estado de procedencia o acceso ao emprego público nos termos anteriores.
- Non ostentar a condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do mesmo corpo, escola ou categoría profesional (art. 50.3 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia e Sentenza do TSX de Galicia, sala do contencioso-administrativo, sección 1, Stc 00407/2025 do 13 de xuño de 2025): “La participación de funcionarios de carrera o personal laboral fijo en el proceso de estabilización carece de sentido – los funcionarios de carrera no pueden acceder a un cuerpo o escala al que ya pertenecen-. La finalidad, como ya alega la apelada, es reducir la temporalidad y no facilitar la movilidad”.
- Titulación: Posuír ou estar en condicións de obter ao finalizar o prazo de presentación de instancias o título universitario oficial de licenciatura ou grao en Dereito ou equivalente.

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

- Requisitos lingüísticos: Posuír un título acreditativo do nivel de coñecemento da lingua galega Celga IV, equivalente ou superior. Os aspirantes que non o acrediten deberán superar unha proba de coñecemento da lingua galega.

Todos os requisitos esixidos nesta Base deberanse cumprir polos/as aspirantes na data en que remate o prazo de presentación de instancias.

Quinta.- Solicitudes

As solicitudes para participar no proceso selectivo presentaranse preferentemente por vía electrónica a través da sede electrónica do Concello de Ferrol. Poderán tamén presentarse en calquera das formas que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

O prazo de presentación de solicitudes será de 20 días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación do anuncio do extracto da convocatoria no BOE.

As solicitudes para tomar parte na convocatoria deberán cumprimentarse segundo o modelo oficial que se anexa a estas bases (anexo I).

As persoas participantes farán constar os seus datos persoais e deberán manifestar, expresamente, que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base 4ª na data de remate do prazo de presentación de instancias.

As persoas aspirantes deberán indicar na súa solicitude, no apartado de idioma do exame, o idioma no que quere que lle sexan entregados os textos dos exercicios da oposición: galego ou castelán. Unha vez realizada a opción e presentada a solicitude, os/as aspirantes non poderán modificar a súa opción.

As persoas con discapacidade deberán facelo constar na solicitude, indicando se precisan adaptacións para realizar as probas. Os/As aspirantes que teñan a condición legal de discapacitados, con grao igual ou superior ao 33 por cento, terán que presentar certificación dos órganos competentes que acrediten tal condición e acredite a compatibilidade co desempeño das tarefas e funcións correspondentes.

Achegarase á solicitude:

- Copia do DNI, pasaporte ou documento que o substitúa noutros estados membros da Unión Europea.

- Copia da da titulación esixida para o ingreso ou xustificación acreditativa de tela solicitado, e abonadas as taxas correspondentes para a súa expedición, xunto coa certificación académica comprensiva das materias cursadas onde conste, expresamente, que finalizou os estudos conducentes á obtención do título

No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberase estar en posesión da correspondente validación ou da credencial que acredite, no seu caso, a homologación. Este requisito non será de aplicación ás persoas aspirantes que obtivesen o recoñecemento da súa cualificación profesional, no ámbito das profesións reguladas, ao amparo das disposicións de dereito da Unión Europea.

- Copia do certificado de galego Celga IV, título de perfeccionamento ou titulación equivalente, aos efectos de exención de realización da proba de galego.

- Xustificante de pago da taxa por dereito de exame ou, no seu caso, documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente que acredite a situación de desemprego durante, polo menos, os 6 meses anteriores á data da publicación da convocatoria no BOP

- Declaración responsable de non ostentar a condición de persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo do mesmo corpo, escola ou categoría profesional.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que as persoas interesadas aceptan e acatan todas e cada unha das bases da convocatoria.

A non presentación da solicitude en tempo e forma suporá a exclusión da persoa aspirante.

Sexta.- Adaptación de tempo e/ou tempos e medios nos procesos selectivos.

De conformidade coa orde PRE/1822/2006 do 9 de xuño, pola que se establecen os criterios xerais para a adaptación dos tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ó emprego público das persoas con discapacidade, os/as aspirantes que acrediten discapacidade poderán pedir na súa solicitude as adaptación e os axustes razoables de tempos e medios das probas do proceso selectivo, co fin de asegurar a súa participación en condición de igualdade.

En caso de solicitar a adaptación deberán presentar o certificado do grao de discapacidade recoñecida, para os efectos de que o órgano de selección poida valorar a procedencia ou non da concesión da adaptación solicitada.

Sétima.- Dereitos de exame.

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 57,55 €, para as prazas do grupo A, subgrupo A1, consonte a Ordenanza fiscal núm. 28, reguladora da taxa pola solicitude de participación en probas de selección do persoal.

A carta de pagamento pode obterse ou ben no departamento de Xestión Tributaria do Concello de Ferrol ou de forma telemática na páxina web do concello: www.ferrol.gal coa seguinte ruta: (sede electrónica / oficina virtual tributaria/ acceso á oficina virtual tributaria / trámites sen certificado / autoliquidacións / taxas / concepto a liquidar: selección de persoal / subconcepto: grupo A1).

Quedan exonerados do seu aboamento aqueles/as aspirantes que figuren como demandantes de emprego durante, polo menos, 6 meses antes da data da publicación da convocatoria no BOP das probas selectivas nas que solicite a participación. A estes efectos, deberá achegarse documento xustificativo expedido pola oficina de emprego correspondente.

As taxas só serán devoltas no caso de que o/a aspirante non sexa admitido/a ao proceso selectivo por causas non imputables a él/ela.

A falta de pagamento das taxas de participación, dentro do prazo de presentación de instancias, determinará a exclusión do/a aspirante e non poderá ser obxecto de emenda. En ningún caso a presentación e pago da taxa suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

Oitava.- Admisión de aspirantes.

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, ditarase resolución pola concelleira delegada de Recursos Humanos declarando aprobada a relación provisional de persoas aspirantes admitidas e excluídas para cada unha das prazas convocadas, con indicación da causa de exclusión provisional. Esta resolución publicarase no BOP, no taboleiro de anuncios e na web do Concello aos efectos de subsanación estarase ao disposto no artigo 68 da lei 39/2015. Quen, dentro do prazo sinalado, non emende a exclusión ou omisión xustificando o seu dereito á admisión, será definitivamente excluído do proceso selectivo.

Finalizado o prazo de emenda, a concelleira delegada de Recursos Humanos ditará resolución aprobando a relación definitiva de persoas admitidas e excluídas, con indicación no seu caso da causa de exclusión, e nomeando ao tribunal cualificador do proceso selectivo.

A resolución definitiva publicarase no BOP, no taboleiro de anuncios e na web do Concello. Non procederá a devolución dos dereitos de exame nos supostos de exclusión por non emendar dentro do prazo concedido ó efecto, nin en caso de inasistencia ao exercicio.

Novena.- Tribunal cualificador

Os tribunais cualificadores dos diferentes procesos selectivos estarán constituídos por un número impar de membros, coa seguinte composición:

- Presidente/a: Un funcionario/a do Concello de Ferrol ou doutras Administracións Públicas.
- Vogais: tres funcionarios/as, a lo menos dous doutras Administracións Públicas.
- Secretario: O/a Oficial Maior do Concello ou o Secretario Xeral do Pleno.

Non poderá formar parte dos órganos de selección o persoal de elección ou designación política, o persoal funcionario interino ou laboral temporal, o persoal eventual nin as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso a igual categoría ou equivalente á das prazas convocadas.

O tribunal deberá actuar de acordo cos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, velará na súa composición pola paridade entre mulleres e homes, garantirá o cumprimento da transparencia e obxectividade do proceso selectivo, a confidencialidade das probas e o estrito cumprimento das bases da convocatoria.

Os tribunais están facultados para resolver as dúbidas que xurdan durante a realización do correspondente proceso selectivo e para adoptar os acordos que garantan o seu adecuado desenvolvemento en todo o non disposto nas bases reguladoras da convocatoria ou no caso de dúbidas na súa aplicación.

Poderán asistir como observadores (sen voz e sen voto) un membro de cada organización sindical con representación no Concello de Ferrol.

Os/as membros dos tribunais poderán absterse e ser recusados segundo o disposto na lei 40/2015 do 1 de outubro de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

O funcionamento do tribunal axustarase ó disposto para os órganos colexiados na LRXSP. O tribunal poderá acordar a incorporación ós seus traballos de persoal colaborador ou asesores/as especialistas cando as circunstancias así o aconsellen. Os asesores/as prestarán colaboración técnica na súa especialidade técnica, con voz pero sen voto.

Os/as membros dos tribunais, o persoal colaborador e os asesores/as percibirán as asistencias que correspondan, segundo o disposto no artigo 30 do Real Decreto 462/2002 do 24 de maio, de indemnización por razón do servizo.

Décima.- Proceso selectivo.

O proceso garantirá o cumprimento dos principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade no acceso ó emprego público. Terá carácter aberto e garantirá a libre concorrencia.

A Sentenza do TSX de Galicia, sala do contencioso-administrativo, sección 1, Stc 00407/2025 do 13 de xuño de 2025, indica o seguinte:

“Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo público, que autoriza una tasa para la estabilización del empleo temporal - art. 2.1-, dice en su Preámbulo -III-, refiriéndose a la convocatoria prevista en la disposición adicional sexta, que «Sobre este concurso como proceso excepcional, cabe traer a colación la doctrina fijada por el Tribunal Constitucional sobre el principio de igualdad en el acceso a los cargos y empleos públicos (artículo 23.2 CE), que únicamente puede ser exceptuada por razones excepcionales y objetivas. Además, este acceso ha de ordenarse de manera igualitaria en la convocatoria mediante normas abstractas y generales con el fin de preservar la igualdad ante la ley de la ciudadanía, lo que obliga al legislador y a la Administración a elegir reglas fundadas en criterios objetivos y presididos por los cánones de mérito y capacidad que el artículo 103.3 CE dispone (SSTC 67/1989, 27/1991 y 60/1994). / Entre las condiciones que, de acuerdo con la jurisprudencia constitucional, han de darse para que no quepa apreciar infracción alguna del principio de igualdad de acceso a cargos y empleos públicos del artículo 23.2 de la Constitución se encuentran, en primer lugar, que se trate de una situación excepcional; segunda, que sólo se acuda a este tipo de procedimientos por una sola vez, pues de otro modo se perdería su condición de remedio excepcional y tercero, que dicha posibilidad esté prevista en una norma con rango legal (STC 12/1999, de 11 de febrero de 1999)». Y dice también que la articulación de los procesos de estabilización «en todo caso, garantizará el cumplimiento de los principios de libre concurrencia, igualdad, mérito, capacidad y publicidad» -art. 2.4-. La base primera de la convocatoria aquí impugnada establece que «Los procesos de estabilización que se convoquen al amparo de la citada ley garantizarán el cumplimiento de los principios de libre concurrencia, igualdad, mérito, capacidad y publicidad, pudiendo articularse medidas que posibiliten una coordinación entre las diferentes administraciones en el desarrollo de estos. / Entre las condiciones que, de acuerdo con la jurisprudencia constitucional, han de darse para que no quepa apreciar infracción ninguna del principio de igualdad de acceso a cargos y empleos públicos del artículo 23.2 de la Constitución se encuentran, en primero lugar, que se trate de una situación excepcional; segunda, que solo se acuda a este tipo de procedimientos por una sola vez, pues de otro modo

se perdería su condición de remedio excepcional y tercero, que la posibilidad esté dispuesta en una norma con rango legal (STC 12/1999, de 11 de febrero de 1999)».

Este tribunal viene reiterando la aplicación a este concurso de la doctrina, conocida, del TC sobre el principio de igualdad en el acceso a los cargos y empleos públicos -art. 23.2 CE-, que impone la convocatoria mediante normas abstractas y generales fundadas en criterios objetivos y presididos por los cánones de mérito y capacidad del art. 103.3 CE, vedando la utilización de elementos de diferenciación carentes de justificación objetiva y razonable o cuyas consecuencias no sean proporcionadas a su finalidad.

El TS, en sentencia de 26/09/2024 dictada en el Rec. 6920/2023 (Procedimiento Origen el DF 8/2023 del TSJGAL), responde a la cuestión planteada en el auto de admisión que « la falta de justificación de la puntuación más elevada de los servicios prestados en la Comunidad Autónoma convocante de un proceso de estabilización derivado de la previsión del artículo 2.4 y disposición adicional sexta de la Ley 20/2021, de 28 de diciembre, de medidas urgentes para la reducción de la temporalidad en el empleo, quiebra el principio de igualdad y libre concurrencia». El TS considera en la sentencia que «Efectivamente, esta Sala de conformidad con la doctrina del Tribunal Constitucional ha mantenido [...] que, en procesos selectivos, en la fase de concurso de méritos no es en sí mismo contrario al principio de igualdad que servicios prestados con anterioridad en la categoría convocada o en otra equivalente reciban distinta valoración según la Administración en que tuvieron lugar [...] Ahora bien, todas las partes saben que esa misma jurisprudencia, constitucional y de esta Sala no admite cualquier diferencia. El mayor valor que cabe atribuir a la experiencia en la Administración convocante no puede ser absoluto o, como dice, el Tribunal Constitucional, no puede superar el límite de lo tolerable. Y, además de ese límite material, ha impuesto otro formal: la diferencia ha de ser justificada. Justificación que debe consistir en la explicación de las razones por las cuales el ejercicio de la misma actividad debe suponer una superior valoración y en qué medida según haya tenido lugar en la Administración que convoca o en otra distinta. / Aquí nos encontramos con que la resolución de convocatoria estableció la diferente puntuación de la que venimos hablando, pero la sentencia ahora recurrida no apreció que fuera acompañada de la imprescindible justificación de esa doble puntuación de los servicios prestados en instituciones sanitarias del Sistema de Salud de Galicia. Y lo cierto es que el escrito de interposición no nos dice lo contrario. Solamente apunta al marco normativo en el que se encuadra la resolución impugnada en la instancia y a la finalidad pretendida. Ahora bien, de ese marco no se desprende, más allá de la recomendación de primar la experiencia previa en la Administración gallega, ninguna razón de por qué debe valer el doble a la habida en otras Administraciones. / La excepcionalidad del proceso selectivo, su finalidad y el que sea por una sola vez no aportan la justificación necesaria. No porque este no sea el primero de los procesos de estabilización del empleo temporal, tal como insiste el escrito de oposición. Ni porque sea cuestionable, que no lo es, sino todo lo contrario, el objetivo de reducir esa temporalidad. Estas circunstancias pueden servir para fundamentar una mayor valoración de la experiencia previa en la Administración convocante, pero no la concretamente establecida. En efecto, en la medida en que la puntuación por experiencia previa suponía el 70% de la total que se podía alcanzar, tiene razón el escrito de oposición al decir que el distinto trato controvertido puede hacer que el proceso selectivo, de facto se convierta en restringido, en contra, por tanto, de lo prescrito por la Ley 20/2021. De ahí la importancia determinante de la falta de explicación».

La cuestión es, pues, que el mayor valor que cabe atribuir a la experiencia en la Administración convocante -0,5 puntos por mes trabajado, a los servicios prestados con carácter temporal en la Diputación Provincial de A Coruña, respecto a 0,2 puntos por mes trabajado en potras Administraciones Públicas- no puede ser absoluto o superar el límite de lo tolerable. Y, además de ese límite material, que la diferencia ha de ser justificada.

La Base 7ª del caso no respectan ninguno de los dos límites.

El primero -el mayor valor no puede ser absoluto o superar el límite de lo tolerable- porque en dicha base, que valora hasta un máximo de 100 los méritos profesionales y académicos, y con un máximo de 10 años hasta un máximo de 60 los méritos profesionales, el valor de los servicios prestados en la Administración convocante es un 150% mayor, más cerca de lo “absoluto” que de lo “preferente” -palabra de la base primera- o de lo “mayoritario” -palabra del art. 2.4.2 de la Ley 20/2021 alegado en el recurso de apelación-. Prestando servicios durante 10 años en la Diputación Provincial de A Coruña se obtienen 60 puntos; prestando servicios en otra Administración Pública (o sector público) se obtienen 24.

El segundo -que la diferencia esté justificada porque las Bases -base Primera- se limitan a expresar que «no se trata del mismo contexto organizacional ni funcional, y no coinciden las competencias y funciones ni la normativa que se ha aplicar, por tanto mediando esas diferencias no es irrazonable que también difiera la puntuación», sin concreción respecto al contexto organizacional y normativo, en especial, sin concreción respecto a las funciones de un Técnico/a de Servicios Sociales. No hay ninguna explicación en las Bases, tampoco en el recurso de apelación, al hecho de que, para llegar a 24 puntos, un Técnico de Servicios Sociales que haya prestado servicios en la Diputación Provincial de A Coruña tenga que hacerlo durante 4 años y uno que lo haya hecho en otra Administración Pública durante 10; si se quiere, para llegar a 60 puntos, imposible si se presta servicios en otra Administración Pública, a un Técnico de Servicios Sociales que haya

prestado servicios en la Diputación Provincial de A Coruña le basten 10 años de servicio y uno que lo haya hecho en otra Administración Pública tenga hacerlo durante 25.

Los argumentos de la Diputación Provincial de A Coruña apelante han de ser rechazados.”

O sistema selectivo é o de concurso-oposición. O proceso estrutúrase sobre a base dun máximo de cen puntos, no que a fase de **concurso** acadará **corenta puntos** e a fase de oposición **sesenta puntos**.

1.- Fase de concurso (máximo 40 puntos):

Terase en conta a experiencia profesional e a formación.

1.1.- A experiencia profesional (máximo 36 puntos) valorarase do seguinte xeito:

a) Servizos prestados no Concello de Ferrol e/ou nos seus organismos autónomos en prazas en réxime laboral ou funcional temporal pertencentes á mesma escala ou categoría profesional e co mesmo cometido funcional que a que é obxecto da convocatoria: 0,40 puntos por mes completo ata un máximo de 36 puntos.

b) Servizos prestados noutras Administracións Públicas en prazas en réxime laboral ou funcional temporal pertencentes á mesma escala ou categoría profesional e co mesmo cometido funcional que a que é obxecto da convocatoria: 0,40 puntos por mes completo ata un máximo de 36 puntos.

A experiencia profesional alegada no Concello de Ferrol será comprobada de oficio, segundo os datos que figuren nos respectivos expedientes persoais dos/as aspirantes sen que sexa preciso achegar documentación acreditativa da mesma agás que o tribunal motivadamente así o requira.

A experiencia profesional alegada noutras Administracións Públicas, entendidas como aquelas incluídas no artigo 2.3 da lei 40/2015 de réxime xurídico do Sector Público, deberase acreditar mediante certificado expedido polo órgano competente no que debe figurar preceptivamente todos e cada un dos seguintes requisitos:

- Posto, praza ou categoría profesional efectivamente desempeñada, grupo e subgrupo de clasificación profesional.
- Natureza dos servizos prestados en réxime funcional, como persoal laboral ou persoal laboral indefinido non fixo.
- Tempo de prestación de servizos realizados con indicación da data de inicio e fin.
- No caso de servizos como persoal laboral, contrato de traballo e certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- No caso de servizos como persoal funcionario, resolución de nomeamento e toma de posesión e certificado de vida laboral expedido pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.
- Descrición das funcións efectivamente realizadas na praza ou categoría profesional á que se opta.

A experiencia profesional alegada deberá ser alegada e acreditada no prazo de presentación de solicitudes.

1.2.- Formación (máximo 4 puntos):

Valorarase a realización de cursos de formación expedidos ou homologados polas Administracións Públicas, Sindicatos, Universidades, Colexios Profesionais e organismos públicos sempre que estean relacionados coa praza obxecto da convocatoria ata un máximo de **4 puntos**.

Valorarase os cursos que teñan un contido relativo a materias transversais na Administración, tales como:

Réxime xurídico, procedementos administrativos, prevención de riscos laborais, contratación, informática, violencia de xénero, igualdade, linguaxe administrativa galega, transparencia, protección de datos, habilidades sociais, idiomas (agás os celgas requiridos para o ingreso na praza á que se opte), calidade, linguaxe de signos, facendas locais, subvencións, etc.

Valorarase as xornadas, seminarios, congresos, e simposios coas horas que veñan recollidos nos diplomas acreditativos. As accións formativas nas que non conste unha carga lectiva expresa serán valoradas a razón de 5 horas/día.

Os méritos por cursos de formación acreditaranse mediante a presentación de copia do correspondente diploma ou título e serán baremados do seguinte xeito:

Horas de formación acreditadas con certificado de asistencia ou aproveitamento: 0,002 puntos por hora.

A formación deberá alegarse conforme ao establecido na relación de méritos que forma parte do modelo de instancia. A formación alegada deberá acreditarse no prazo de presentación de solicitudes.

A puntuación total da fase de concurso determinarase pola suma da puntuación obtida nos apartados de experiencia profesional e formación.

2.- Fase de oposición (máximo 60 puntos):

2.1.- A primeira proba, de carácter non eliminatorio, consistirá nun exercicio tipo test sobre o contido total do temario.

Consistirá en contestar, nun máximo de 120 minutos, un cuestionario de 100 preguntas tipo test con 4 alternativas de resposta relativas ao temario que figura como Anexo II. Ao cuestionario se lle engadirán 10 preguntas de reserva.

O exercicio cualificarase de 0 a 50 puntos, adxudicando a cada resposta correcta unha puntuación de 0,5 puntos. As respostas incorrectas penalizarán 0,16 puntos e as en branco non se terán en conta.

2.2.- A segunda proba, de carácter non eliminatorio, consistirá nun ou varios supostos prácticos que versarán sobre a parte específica do temario e ou sobre as funcións da praza convocada.

O exercicio cualificarase de 0 a 10 puntos.

Valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos obxecto do suposto ou supostos. Estimarase especialmente a sistemática na proposta realizada polos aspirantes, a formulación de conclusións, o coñecemento e axeitada aplicación da normativa vixente e o pragmatismo na resolución dos supostos.

2.3.- Terceira proba, de carácter eliminatorio, consistirá en acreditar o coñecemento do idioma galego.

Os/as aspirantes deberán traducir ó galego un documento propio das funcións da praza que se convoca dispoñendo dun tempo máximo de corenta e cinco minutos. Esta proba será cualificada de apto/a ou non apto/non apta. Deberase contar para a realización desta proba co apoio do departamento de Normalización Lingüística do Concello. Quedarán exentos da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do Celga IV ou equivalente.

As persoas aspirantes serán convocadas para as probas da fase de oposición en chamamento único, salvo casos de forza maior debidamente acreditados e apreciados discrecionalmente polo tribunal. Será excluído do proceso selectivo quen non compareza, salvo casos de forza maior alegados e xustificados con anterioridade á data e hora fixada para a celebración do exercicio, que serán apreciados discrecionalmente polo tribunal.

Os/as aspirantes deberán acudir provistos/as do documento nacional de identidade ou documento fidedigno en vigor que acredite a súa identidade.

A puntuación final do proceso será o resultado da suma das puntuacións obtidas tanto na fase de oposición coma na de concurso. No caso de producirse un empate na puntuación final do proceso selectivo o criterio de desempate será o seguinte:

1.- Maior experiencia profesional recoñecida en réxime laboral ou funcionarial temporal no Concello de Ferrol e/ou nos seus organismos autónomos en prazas pertencentes á mesma escala ou categoría e co mesmo contido funcional que a praza que é obxecto da convocatoria sen o límite de tempo previsto no apartado 1.1.a).

2.- Maior experiencia profesional recoñecida en réxime laboral ou funcionarial temporal noutras Administracións Públicas en prazas pertencentes á mesma escala ou categoría e co mesmo contido funcional que a praza que é obxecto da convocatoria sen o límite de tempo previsto no apartado 1.1.b).

3.- Maior puntuación no apartado da formación.

En ningún caso poderán superar o proceso selectivo un número superior de aspirantes ou de prazas convocadas.

Duodécima.- Reclamacións e recursos

Para todo o non previsto nestas Bases será de aplicación supletoria o establecido na Lei 39/2015 do 1 de outubro de procedemento administrativo común das Administracións Públicas, na Lei 40/2015 do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector Público, na Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, no Real Decreto Lexislativo 781/1986 do 18 de abril polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, na Lei 5/1997 do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, no Real Decreto 896/1991 do 7 de xuño, polo que se establecen as regras básicas e os programas mínimos aos que debe axustarse o procedemento de selección de funcionarios ao servizo das Entidades Locais e no Real Decreto 364/1995 do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de postos de traballo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado e demais lexislación vixente de aplicación.

Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei 39/2015 de Procedemento Administrativo Común e normas vixentes concordantes.

A resolución pola que se aproba a convocatoria e as bases específicas pon fin á vía administrativa e contra ela poderá interpoñerse o recurso potestativo de reposición perante o órgano que a ditou dentro do prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación, de conformidade co disposto nos artigos 30, 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Todo isto, sen prexuízo da posibilidade de interpoñer directamente recurso contencioso administrativo ante o Xulgado do contencioso administrativo, dentro do prazo

de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación da resolución, de conformidade co disposto no artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición contencioso administrativo.

Décimo terceira.- Superación do proceso selectivo e nomeamento como persoal funcionario de carreira.

Finalizado o proceso selectivo, o tribunal fará pública no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello a persoas aspirante que o superou, propoñendo o seu nomeamento como persoal funcionario de carreira. Esta relación elevarase ó órgano competente, que ditará resolución facendo constar a persoa aprobada. Esta resolución publicárase no BOP, no taboleiro de anuncios e na páxina web do Concello.

A persoa aprobada disporán dun prazo de 20 días hábiles, contados desde o día seguinte á publicación no BOP da resolución na que figure a persoa aprobada, para presentar os seguintes documentos orixinais:

- 1.- Título esixido nas bases da convocatoria para tomar parte no proceso selectivo.
- 2.- Declaración responsable de non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha Administración Pública, nin estar inhabilitado/a para o exercicio de función públicas.
- 3.- Declaración responsable de non estar incurso/a en causa de incompatibilidade de conformidade coa lexislación vixente referida ó momento da súa toma de posesión.
- 4.- Certificado médico acreditativo de non padecer enfermidade nin defectos físicos e/ou psíquicos que incapacite para o exercicio das función das prazas convocadas, expedido por facultativo/a colexiado.
- 5.- As persoas aspirantes que fixesen valer a súa condición de persoa con discapacidade na súa solicitude de participación no proceso selectivo, deberán presentar certificado acreditativo do grao da discapacidade e, así mesmo, o certificado acreditativo da compatibilidade co desempeño das tarefas ou funcións correspondentes, expedido polo órgano competente da administración sanitaria.
- 6.- Documentos orixinais dos presentados para a valoración dos méritos puntuables na fase de concurso.
- 7.- A documentación orixinal acreditativa doutros requisitos esixidos nas bases da convocatoria.

Ante a imposibilidade debidamente xustificada de presentar os documentos esixidos poderase acreditar que se reúnen as condicións esixidas na convocatoria mediante calquera medio de proba admisible en dereito.

A persoa aspirante que acredite o cumprimento dos requisitos esixidos na convocatoria será nomeada persoal funcionario de carreira mediante resolución da concelleira delegada de Recursos Humanos, que será publicada no BOP, taboleiro de anuncios do Concello e na súa páxina web.

Non poderán ser nomeadas aquelas persoas que non acrediten cumprir cos requisitos esixidos na convocatoria e quedarán sen efecto as actuacións realizadas.

A toma de posesión efectuarase dentro do prazo máximo dun mes a partir da publicación da resolución do nomeamento no BOP.

O tribunal non poderán propor o acceso á condición de funcionario de carreira dun número superior de aprobados ao de prazas convocadas. No entanto, sempre que o tribunal propuxese o nomeamento de igual número de aspirantes que de prazas convocadas, cando se produzan renuncias dos aspirantes seleccionados ou cando da documentación achegada se desprenda que non cumpren cos requisitos esixidos na convocatoria ou por circunstancias sobrevidas se deduza a imposibilidade de incorporación dalgún/ha aspirante antes do seu nomeamento ou toma de posesión, o órgano convocante poderá requirir do tribunal unha relación complementaria dos que superaran o proceso selectivo e sigan ós propostos por orde de puntuación, para o seu posible nomeamento como persoal funcionario de carreira ou persoal laboral fixo.

O tribunal poderá declarar desertas aquelas prazas obxceto da convocatoria que non resulten cubertas por non superar o proceso selectivo o número suficiente de aspirantes.

O acto que poña fin ó procedemento selectivo deberá ser motivado. A motivación dos actos do órgano de selección ditados en virtude de discrecionalidade técnico no desenvolvemento do seu labor de valoración estará referida ó cumprimento das bases da convocatoria e das normas regulamentarias aplicables.

Da resolución deste procesos selectivo non poderá derivarse en ningún caso incremento de gasto nin incremento de efectivos.

Corresponderá unha compensación económica, equivalente a vinte días de retribucións fixas por ano de servizo, prorrateándose por meses os períodos de tempo inferiores a un ano, ata un máximo de doce mensualidades, para o persoal interino ou laboral temporal que vise finalizada a súa relación de servizos co Concello de Ferrol pola non superación do proceso de estabilización.

O persoal interino e o persoal laboral temporal que á data de finalización de presentación de instancias estea ocupando unha praza incluída no proceso de estabilización e non concorra ó proceso, non terá dereito a compensación económica en ningún caso.

Décimo cuarta. Listaxes de agarda.

De conformidade co establecido na Disposición Final 4ª da lei 20/2021 do 28 de decembro, as convocatorias de estabilización poderán prever para aquelas persoas que non superen o proceso selectivo a súa inclusión en bolsas de persoal funcionario interino ou a súa integración en bolsas xa existentes.

Nestas bolsas integraranse aqueles candidatos que, participando no proceso de estabilización correspondente, non o superen.

Décimo quinta. Recursos

Contra estas Bases e a convocatoria que regulan poderase interpor, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o Alcalde de Ferrol no prazo dun mes a contar dende o día seguinte a súa publicación no BOP nos termos previstos na lei 39/2015 reguladora do procedemento administrativo común ou interpor recurso contencioso administrativo no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte a súa publicación no BOP perante o xulgado do contencioso administrativo segundo o disposto na lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso administrativa.

ANEXO I SOLICITUDE

MODELO DE SOLICITUDE PARTICIPACIÓN PROCEDEMENTO SELECTIVO

DATOS DA CONVOCATORIA					
PROCESO SELECTIVO					
DENOMINACIÓN PRAZA					
RÉXIME XURÍDICO					
DATA BOP					
COTA DISCAPACIDADE	SI		NON		GRAO RECOÑECIDO
DATOS PERSOA ASPIRANTE					
NOME					
PRIMEIRO APELIDO					
SEGUNDO APELIDO					
DNI					
DATOS CONTACTO E NOTIFICACIÓN					
DIRECCION					
CONCELLO					
CÓDIGO POSTAL					
PROVINCIA/PAÍS					
TELÉFONO FIXO/MÓBIL					
ENDEREZO ELECTRÓNICO					
REQUISITOS PARTICIPACIÓN					
TITULACIÓN ACADÉMICA OFICIAL ESIXIDA					
CELGA IV	SÍ	IDIOMA		NON	
IDIOMA DE REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO	GALEGO		CASTELÁN		
ADAPTACIÓN DE PROBAS (DISCAPACIDADE IGUAL OU SUPERIOR AO 33%)					
GRAO DE DISCAPACIDADE QUE TEN CERTIFICADA					
ADAPTACIÓN/S QUE SOLICITA					

RELACIÓN DE MÉRITOS: EXPERIENCIA PROFESIONAL E FORMACIÓN.			
A)EXPERIENCIA PROFESIONAL			
DENOMINACIÓN PRAZA/POSTO/EMPREGO	CONCELLO FERROL	OUTRAS AAPP	PERÍODO SERVICIOS
B) FORMACIÓN			
DENOMINACIÓN ACCIÓN FORMATIVA	ENTIDADE QUE A IMPARTIU	HORAS ACREDITADAS	

DOCUMENTOS QUE SE ACHEGA Á SOLICITUDE (orixinais ou copia electrónica auténtica) Marcar cunha X	
Titulación académica oficial esixida nas bases específicas	
Certificado do nivel de galego esixido nas bases específicas	
Acreditación da nacionalidade (DNI, pasaporte, tarxeta de residencia)	
Declaración responsable de non ostentar a condición de persoal funcionario de carreira ou laboral fixo do mesmo corpo, escala ou categoría	
Xustificante do pago da taxa establecida nas bases xerais ou certificación de ser desempleado/a e de non percibir prestación por desemprego na súa modalidade contributiva	
Documentación acreditativa dos méritos alegados conforme ao disposto na base 10ª	
PERSOAS CON CAPACIDADES DIFERENTES	
No suposto de pedir adaptación de probas presentarase, certificado do equipo de valoración de discapacidade no que se especifiquen as medidas de adaptación necesarias.	

SOLICITO que se admita a presente instancia para poder participar no procedemento selectivo e **DECLARO** que os datos consignados nesta solicitude son certos e que estou en condicións de acreditarlos e que reúno todos os requisitos esixidos nas bases que rexen a convocatoria para ser admitido/a .

....., a de de

Sinatura da persoa solicitante"

ANEXO II. TEMARIO

PARTE COMÚN

Tema 1.- A Constitución Española de 1978. Estructura. Título Preliminar. Dos dereitos e deberes fundamentais.

Tema 2.- A organización territorial do Estado Español. Principios xerais. Da Administración Local.

Tema 3.- O Estatuto de Autonomía de Galicia: estrutura e contido básico. Título Preliminar.

Tema 4.- A Unión Europea; antecedentes, evolución e obxectivos. Os tratados orixinarios e modificativos. O dereito da Unión Europea. As institucións da Unión Europea.

Tema 5.- A Lei 7/1985, do 02 de abril, reguladora das bases de réxime local: Disposicións xerais. O Municipio: Territorio e poboación. Organización. Competencias. Réxime de organización dos municipios de gran poboación. A potestade regulamentaria local. Ordenanzas e Regulamentos. Procedemento de elaboración e aprobación. Os bandos.

Tema 6.- A Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas. Dos interesados no procedemento. Da actividade das Administracións Públicas. Dos actos administrativos. Das disposicións sobre o procedemento administrativo común. Da revisión dos actos en vía administrativa.

Tema 7.- Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público. Funcionamento electrónico do Sector Público. Disposicións xerais. Dos órganos das Administracións Públicas: órganos administrativos, competencias, órganos colexiados das distintas administracións públicas, abstención e recusación.

Tema 8.- Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais: Disposicións xerais. Principios de protección de datos. Dereitos das persoas.

Tema 9.- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público: Persoal ao servizo das Administracións Públicas. Dereitos e deberes. Código de conduta dos empregados públicos. Adquisición e perda da relación de servizo.

Tema 10.- Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística de Galicia: Do uso oficial do galego. Ordenanza municipal de normalización lingüística do Concello de Ferrol.

PARTE ESPECÍFICA

Tema 1.- Lei Orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Tema 2.- Lei 7/2023, de 30 de novembro para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia.

Tema 3.- As competencias municipais en materia de servizos sociais e igualdade.

Tema 4.- A Lei 13/2008, de 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia

Tema 5.- Decreto 99/2012, do 16 de marzo, polo que se regulan os servizos sociais comunitarios e o seu financiamento.

Tema 6.- Decreto 254/2011, do 23 de decembro, polo que se regula o réximen de rexistro, autorización, acreditación e inspección de servizos sociais en Galicia.

Tema 7.- A Lei 2/2014, de 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gais, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.

Tema 8.- O Decreto 130/2016, de 15 de setembro, polo que establécense os requisitos e o procedemento para o recoñecemento e acreditación dos centros de información á muller de titularidade das entidades locais de Galicia, así como para a modificación e extinción do seu recoñecemento.

Tema 9.- Subvencións da Comunidade Autónoma de Galicia ás entidades locais para a promoción da igualdade.

Tema 10.- A violencia de xénero. Concepto e causas. Teorías explicativas. Tipos de violencia contra as mulleres. Ciclo da violencia e indicadores. Tipos de vitimización.

Tema 11.- A convención das Nacións Unidas sobre a eliminación de todas as formas de discriminación contra a muller de 1979.

Tema 12.- O convenio do Consello de Europa sobre prevención e loita contra a violencia contra as mulleres e a violencia doméstica de 2011.

Tema 13.- O Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Medidas a aplicar no ámbito municipal.

Tema 14.- A Lei orgánica 1/2004, de 28 de decembro de medidas de protección integral contra a violencia de xénero

Tema 15.- A Lei 11/2007, de 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero.

Tema 16.- Decreto 1/2014, do 9 de xaneiro, polo que se regula a creación do Centro de Recuperación Integral para Mulleres que Sofren Violencia de Xénero

Tema 17.- Resolución do 9 de xuño de 2015, da Secretaría de Estado de Servizos Sociais e Igualdade, pola que se publica o acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade de 21 de xullo de 2014, polo que se aproba o protocolo de derivación entre centros de acollida.

Tema 18.- Decreto 157/2012, do 5 de xullo de 2012, polo que se desenvolve a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero no relativo aos órganos consultivos e de participación.

Tema 19.- Dereitos laborais das mulleres vítimas de violencia de xénero. Real decreto lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos traballadores.

Tema 20.- Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de Protección Xurídica do Menor.

Tema 21.- A protección de menores no dereito civil de Galicia: o desamparo e a tutela administrativa. A garda administrativa.

Tema 22.- Asistencia xurídica gratuíta: Lei 1/1996, de 10 de xaneiro.

Tema 23.- Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar.

Tema 24.- Real Decreto-lei 6/2019, dO 1 de marzo, de medidas urxentes para garantía da igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes no emprego e a ocupación.

Tema 25.- Real Decreto 1917/2008, do 21 de novembro, polo que se aproba o programa de inserción sociolaboral para mulleres vítimas de violencia de xénero.

Tema 26.- Decreto 96/2014, do 3 de xullo, polo que se regulan os puntos de encontro familiar en Galicia. Puntos de encontro familiar en Galicia.

Tema 27.- Lei Orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, e o regulamento que a desenvolve

Tema 28. Dereitos e deberes das persoas solicitantes de protección internacional segundo a Lei 12/2009, de 30 de outubro, reguladora do dereito de asilo e da protección subsidiaria

Tema 29.- Real Decreto 901/2020, do 13 de outubro, polo que se regulan os plans de igualdade e o seu rexistro e se modifica o Real Decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo.

Tema 30.- Real Decreto 902/2020, do 13 de outubro, de igualdade retributiva entre homes e mulleres”

O que se fai público para xeral coñecemento.

Ferrol, 23 de xullo de 2026.

En uso da delegación conferida polo acordo da Xunta de Goberno Local do 11.12.2023 (BOP nº 241 do 20.12.2023), a concelleira delegada titular da área de Facenda e Recursos Humanos.

Susana María Sanjurjo Fraga.

2026/4930